

50 50 anos Renovando eduCando

colexio de educación infantil e primaria

Raquel Camacho

Revista trimestral
A Coruña abril 2020

O NOSO

VIVEIRO^{2.0.}

EXPRESS

#EUQUEDONACASA

COVID-19

O día a día do confinamento

A GRAN CADEA HUMANA

PAZ

Colexios de toda A Coruña arrodearon a cidade


RECOMENDACIÓNS

QUE LER?

Libros para o confinamento

EXCLUSIVA EDICIÓN ESPECIAL INTERACTIVA

Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



CONTRA O COVID-19

#EUQUEDONACASA

O xoves, 12 de marzo, comunicouse a nova: a partir de ese día non se podía asistir á clase. Había que vencer entre

Unha das tarefas que lle pedimos ao alumnado de 5º de Primaria consistía en que nos contasen **como era o seu día a día do confinamento** e construíron estes fermosos relatos.

O 12 DE MARZO DE 2020...

...anunciouse un confinamento e unha nena chamada Aitana, ao principio, tomouno ben, era feliz e sentía alegría verdadeira. Ao longo do tempo, deuse de conta de que non sería así por moito tempo. Ían pasando os días e cada vez aburríase máis e

todos e todas o coronavirus e para iso debiamos quedar nos nosos fogares. Un esforzo común duro, pero necesario.

máis, sen saber que facer, seguindo sempre a mesma rutina... Iso empezáballe a desconcertar, **sentía que a súa vida entraba en bucle** e que non podía saír del. Desexaba con todas as súas forzas que acabase todo iso e puidese volver á clase para ver os seus amigos, rirse con eles, falar con eles e volver sentirse alegre como unha vez foi. **Mesmo botaba de menos o colexio**, xa que a facía distraerse e non pensar nas cousas malas.

Aitana Thong





NESTE CONFINAMENTO, SENTINME...

...un pouco aburrido, pero intento divertirme xogando co meu irmán a xogos de mesa, ver películas, etc.

Aínda que teñamos que estar na casa, **é o mellor para que o novo coronavirus non se propague.**

Ás veces, os días fánse un pouco longos e gustaríame saír a rúa.

Os días que fixo sol, a miña nai púxonos na ventá e sentoume ben; non como se estivera na rúa, pero... Imaxinámonos na praia tomando o sol.

Teño ganas de que isto acabe, pero sabemos que é polo ben de to-

dos. Explicáronme que os nenos contaxiamos moito aos maiores e, por iso, non podemos saír.

Non estou moi preocupado por se nos contaxiamos porque os meus pais dinme que non adoita afectar os nenos, que case sempre enferma a xente maior. **Soamente me preocupan un pouco os meus avós,** pero non saen da casa, así que non creo que se contaxien.

Teño ganas de que o confinamento acabe pronto e facer a vida normal.

Mentres, xogo coa miña familia e fago videochamadas cos meus amigos para pasalo ben.

Alejandro Acuña

EU LEVÁNTOME CONTENTO.

Fago un almorzo moi rico e fago os deberes que me mandan, aínda que me **gustaba máis cando mo explicaba a profe**. Póño-me moi contento cando podo xogar a *Play* e á hora de comer tamén.

Pola tarde, empezo a aburrirme un pouco e busco algo para xogar. Cando acabo de merendar, fago ximnasia e síntome ben, igual que para aplaudir. Cando ceo, estou contento coa miña familia. **Boto de menos os meus amigos** e os meus avós e as súas comidas ricas.

Cando a miña nai vai traballar, póño-me un pouquiño triste.

Marcos Puga

OS MEUS DÍAS NO CONFINAMENTO SON...

...un pouco aburridos. Ao non poder saír da casa, abúrrome. Os deberes xa non me preocupan porque, despois de todo, non podo facer outra cousa que facelos.

Para divertirme, xogo á *Play* ou collo o meu ordenador, pero **cada día paréceme igual aos outros**. Nalgúns días, xogo co meu irmán e a miña nai a algún xogo de mesa que teñamos, pero sempre o mesmo: levántome, almorzo, fago a cama, fago os deberes, como, xogo con algo e así... así son todos os meus días. **Pero, pasará pronto.**

Iván García Senra



TEXTO EN VERSO DO CONFINAMENTO

Eu sinto unha tristura
que de min se apodera.

Agora saír a rúa
sería a a mellor recompensa.

●●●●●

Cada vez máis infectados,
cada vez máis cerca de min.

Loitando por sobrevivir
uns o conseguen,
e outros quedan alí.

●●●●●

Este curso xa esta perdido,
espero que non se volva repetir.

Que se encontre unha solución
e que poidamos saír.

●●●●●

Xa falta menos para rematar.
Cada día estou máis emocionada,
porque sei que falta menos para
aos meus amigos abrazar.

Uxía Fernández Antelo




MOMENTO PARA A CONCENTRACIÓN E O RELAX

MANDALA DA CORUÑA

Colle lapis de cores, imprime esta folla, pon música tranquila e vai coloreando devagar esta mandala elabo-

rada sobre un cadro de Peteiro. A Coruña, cidade que foi rodeada por unha gran cadea pola paz. Shhhh...



VEÑA, ATRÉVETE CON ESTES XOGOS

PASATEMPOS

Facer os xogos que che propoñemos resulta moi divertido, pero a que se che dan un **AS 7 DIFERENZAS**








premio por iso non lle vas dicir que non? Veña, resólveo e mándanolo por *mail*. Sorte!

Busca o distinto neste arco da vella.



RECORTA E PEGA

Sabías que **Rosalía de Castro** xa ten unha estrela co seu nome a 240 anos luz da Terra? Colorea, recorta e compón o seu nome.



MÁNDANOS AS SOLUCIÓNS POR MAIL

Xa atopaches as 7 diferenzas? Es listo ou lista coma un allo! Pois agora tes **tres opcións**: gravas un **audio** explicando as diferenzas (se o fas en galego, sería a pera!), sácaslle unha **foto** ao papel coas solucións ou **escríbela** nun correo. Fagas como fagas, mándao cos teus datos (nome e curso) antes do 20 de abril de 2020 a este correo:

ramonparis@edu.xunta.es

UNE CON FRECHAS

Xa che contamos enriba o da estrela de **Rosalía de Castro**. Seguindo co tema estelar, une con frechas o nome da constelación co seu debuxo. Fíxate na figura que forman as estrelas de cada unha. A que se parecen?

Capricornio



Acuario



Pisces




Aries




Tauro



Xémini



Cáncer



León



Virgo



Libra



Escorpión



Saxitario



Solucións [aquí](#).

RECOMENDACIÓNS LECTORAS PARA O CONFINAMENTO



QUE LER (OU VER)?

Sempre aconsellamos lecturas pero, como non podes ir á

biblio ou a unha librería, traémosche pelis de contos.

EDUCACIÓN INFANTIL



CARACOL E VERMIÑO de Armando Quintero e André Letria. Vaia! Semella que estes dous están enfadados.

+ INFO: [OQO Editora](#)

1º E 2º DE E. PRIMARIA



CORRE CORRE, CABACIÑA de Eva Mejuto e André Letria. Non vin vella nin velliña, nin velliña nin vellón. Corre corre, cabaciña. Corre corre, cabazón!

+ INFO: [OQO Editora](#)

3º E 4º DE E. PRIMARIA



DEZ GATIÑAS VIAXEIRAS de Eva Mejuto e Víctor Rivas. Unha divertida aventura ao longo da xeografía galega

+ INFO: [Xerais](#)

6º E 5º DE E. PRIMARIA



ASTÉRIX O GALO de René Goscinny e Albert Uderzo. Primeira aventura (en vídeo e en galego) dun clásico universal da banda deseñada. Por Tutatis!

+ INFO: [Salvat](#) ■